



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

VENRES 5
ABRIL 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

Paul Daniel Director
Nicholas Angelich Piano



Sala Mozart
19.45 h

CONvers@ndo con
PAUL DANIEL Director
ROBIN HOLLOWAY Compositor

PROGRAMA

I

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Carnaval, op. 9 (varios orquestradores) (26')

1. *Preambule* (Glazunov)
2. *Pierrot* (Glazunov)
3. *Arlequin* (Nikolai Klenovsky)
4. *Valse noble* (A. Petrov)
5. *Eusebius* (Glazunov)
6. *Florestan* (Rimsky-Korsakov)
7. *Coquette* (Vasily Kalafati)
8. *Réplique* (Kalafati)
9. *Papillons* (Tcherepnin)
10. *Lettres dansantes* (Liadov)
11. *Chiarina* (Kalafati)
12. *Chopin* (Glazunov)
13. *Estrella* (Alexander Winkler)
14. *Reconnaissance* (Joseph Wihtol)
15. *Pantalon et Colombine* (Arensky)
16. *Valse allemande* (Liadov)
17. *Paganini* (Liadov)
18. "Aveu" (Nikolai Sokolov)
19. *Promenade* (Klenovsky)
20. *Pause* (Glazunov & Kalafati)
21. *Marche des "Davidsbündler"* (Glazunov & Kalafati)

ROBIN HOLLOWAY (1943)

Scenes from Schumann, op. 13 (19')

II

XABIER MARIÑO (1983)

Sálvora (obra encargo da RFG) (5´)

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Concerto para piano en la menor, op. 54 (31´)

Allegro affettuoso

Intermezzo: Andantino grazioso

Allegro vivace

Nicholas Angelich, piano

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 40 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Ildikó Oltai **
Victoria Jurov
Michal Ryzel
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelow
Enrique Roca
Irina Gruia
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ane Aguirre
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Milagros García (R)
Carlos García
Guillermo Alzugaray (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Marta Gómez ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Germán Latorre ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Iago Rías (R)
Arturo Centelles (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Javier Gómez (R)
Pablo Cabanelas (R)
M^o Isabel Diego (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

PIANO

Simona Kantcheva (R)

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

NICHOLAS ANGELICH

Piano

Nacido en Cincinnati, comezou a estudar piano aos cinco anos. Aos sete ofreceu o seu primeiro concerto (Mozart K.467) e aos trece ingresou no Conservatorio Nacional Superior de Música de París, onde estudou con Aldo Ciccolini, Yvonne Loriod, Michel Beroff e Marie Françoise Bucquet e obtivo o Primeiro Premio de piano e música de cámara. Asistiu a clases maxistras de Leon Fleisher, Dmitri Bashkirov e Maria João Pires. Recibiu diversos galardóns nos Concursos Robert Casadesus de Cleveland, Gina Bachauer e o “Premio ao Xove Talento” do Festival Internacional de Piano de Ruhr.

Debutou en 2003 coa Filharmónica de Nova York e Kurt Masur. Desde entón ten actuado coas mellores orquestras de Norteamérica e Europa e coas Filharmónicas de Seúl e Xapón; xunto a directores como Lionel Bringuier, Myung-Whun Chung, Paul Daniel, Stéphane Denève, Charles Dutoit, Valery Gergiev, Michael Gielen, Daniel Harding, Paavo e Kristjan Järvi, Vladimir Jurowski, Emmanuel Krivine, Jesús López Cobos, Marc Minkowski, Kurt Masur, Yannick Nézet-Séguin, Gianandrea Noseda, Sir Roger Norrington, Josep Pons, Kazushi Ono, Tugan Sokhiev, Krzysztof Urbanski, Jaap van Zweden e Hugh Wolff. Ten ofrecido numerosos recitais en Londres, Múnic, Xenebra, Ámsterdam, Bruxelas, Luxemburgo, Roma, Tokio ou París. É convidado habitual do Festival de Verbier e do Festival Marta Argerich de Lugano. En 2009 debutou nos Proms de Londres.

Grande intérprete do repertorio clásico e romántico, ten ofrecido en recital en varios países a integral de *Sonatas* de Beethoven, os *Anos de Peregrinaxe* e as *Variacións Goldberg*. Interésase tamén por toda a música do século XX, desde Rachmaninov, Ravel, Bartók, Prokófiev e Shostakóvich ata Messiaen, Stockhausen, Boulez, Eric Tanguy, Bruno Mantovani -do que estreou *Suonare*-, Pierre Henry -quen lle dedicou o seu *Concerto para piano sen orquestra*- e Baptiste Trotignon -do que estreou *Different Spaces*-.

Entusiasta da música de cámara, toca xunto a compañeiros como Marta Argerich, Joshua Bell, Renaud Capuçon, Leonidas Kavakos, Julian Rachlin, Gil Shaham, Dimitri Sitkovetsky, Akiko Suwanai, Maxim Vengerov, Antoine Tamestit, Yo-Yo Ma, Daniel Müller-Schott e os cuartetos Ebène, Modigliani, Pavel Haas, Prazak e Ysaye.

Na súa ampla discografía destacan monográficos Bach, Beethoven, Liszt e Brahms, do que está considerado intérprete de referencia. O pasado setembro editouse a súa última gravación, os *Concertos nº 4 e 5* de Beethoven coa Insula Orchestra e Laurence Equilbey.

Nicholas Angelich obtivo o pasado febreiro o seu segundo Premio Victoires de la Musique Classique na categoría de “Mellor solista instrumental do ano”.

Robert Schumann (1910-1856)

Schumann encarna, sen dúbida, o artista romántico por excelencia: alma de poeta, amante da natureza, namorado do amor, famento de transcendencia e ameazado por un tráxico destino. Se a iso engadimos un perfeccionismo enfermizo e un trastorno mental pavoroso, o resultado é un xenio cuxo talento dexenera en tolemia. Entre 1830 e 1839, Schumann centrou o seu mundo expresivo case en exclusiva na música para piano, creando coleccións de pequenas miniaturas cheas de lirismo, beleza e poesía. Unha desas importantes obras do piano romántico, composta entre 1834 e 1835, *Carnaval op. 9* relata os seus amores con Ernestina von Fricken cando ambos eran alumnos de Friedrich Wiek. As catro letras da cidade natal da moza, Asch, avivaron a imaxinación do compositor pois as miniaturas están escritas sobre as notas cuxas letras, na súa denominación alemá, forman o nome da cidade (la, mi bemol, do, si) sendo, ademais as únicas do alfabeto musical incluídas no nome do compositor. O *Carnaval*, unha suite para piano formada por 22 pezas breves que representan persoas nun baile de entroido, amosa moitos dos rasgos musicais de Schumann e algunhas das pezas son retratos musicais de colegas coetáneos. O *Préambule*, contén música creada como parte dun conxunto de variacións do *Trauerwalzer* de Schubert e é unha das poucas pezas non organizada explicitamente en torno á idea A-S-C-H. Schumann escíbese a si mesmo nos seus 'alter egos': o idealista e soñador Eusebio e o home de acción Florestan. Ernestine von Fricken é Estrella e Clara Wieck, nese momento aínda a filla adolescente do seu profesor, Chiarina. Schumann inclúe unha homenaxe a Chopin, así como un virtuoso *intermezzo* cuxo tema é o lendario violinista Paganini. *Marche des Davidsbündler contre les Philistins* é unha representación simbólica dos membros dun grupo irreal ao que Schumann mencionou como unha confederación contra os reaccionarios e musicalmente arcaicos filisteos do seu tempo, aquí derrotados polos eses personaxes. Este conflito cheo de humor foi aproveitado polo empresario Sergei Diaghilev quen encontrara un camino para o éxito: música rusa contemporánea, temas rusos con toques de exotismo oriental, decorados e vestuario de artistas de vangarda e novedosas coreografías coa pretensión de que todas as artes se complementaran nun ballet. En 1910, os Ballets Rusos presentan na Ópera de París un programa que incluía o *Carnaval* de Schumann como, ofrecéndolle era unha poderosa excusa plástica que Diaghilev aproveitou e encarga unha orquestración a Alexander Glazunov, Nikolai Rimski-Korsakov, Anatoly Lyadov e Alexander Tcherepnin dotando

así á partitura de gran diversidade de cores e auténtica personalidade.

Cando Schumann casa con Clara Wieck, en 1840, as cousas empezaron a cambiar e o compositor comezou a explorar camiños descoñecidos como a música vocal, a música sinfónica ou a música de cámara: moitas das súas obras máis importantes viron a luz durante estes primeiros anos de convivencia. A vida sorríalle e non sorprende que compuxese entón, en 1841, unha primaveral e apaixonada *Fantasia de concerto para piano e orquestra en la menor* para Clara, gran pianista e grande artista e que serve de base ao *Concerto para piano e orquestra en la menor op. 54*, dedicado ela quen o estreou, como solista, o 1 de xaneiro de 1846 na Gewandhaus de Leipzig co compositor á fronte da orquestra. O compositor engade dous movementos, o *intermezzo* e o *final* e ocúpase especialmente de construír unha estrutura discursiva tanto do piano consigo mesmo como da orquestra. O concerto arrinca impetuoso e enérxico, case dramático, na orquestra e o piano para dar paso a un primeiro tema moi lírico presentado polas madeiras e retomado despois polo solista. Este tema constituirá o eixo central do movemento, pois Schumann irá introducindo novas ideas, melodías e desenvolvementos sempre ao seu redor, deixando que a música avance con claridade, paixón poética e momentos de grande ímpeto ata chegar a unha cadencia na que o piano alterna excitación e calma, virtuosismo con sutileza e dozura. A orquestra retoma despois o mando para rematar o *Allegro affettuoso* con enerxía. No *Intermezzo-Andantino grazioso*, o compositor recupera a expresividade das súas mellores cancións, construíndo un diálogo continuo entre o piano e a orquestra que se abre a unha serena e íntima melodía. Ecos do primeiro movemento anuncian a forza do *Rondo final*, un *Allegro vivace* de ritmos cruzados, arpeixos trezados e temas ascendentes que fan medrar a alegría, efusividade e vigor para chegar a un final enérxico e optimista.

Robin Holloway (1943)

Educado no King's College e alumno de composición de Bayan Northcott, o seu catálogo compositivo non suxire unha infancia como corista da Catedral de San Pablo a mediados dos anos 50 pero, a súa paixón polas liñas melódicas fluídas, o seu intrincado contrapunto de múltiples voces enlazadas e o seu innato sentido da sonoridade como algo sensual, poden dar unha idea desa precoz inmersión na música. Como estudante de Cambridge, foi un ávido lector non só de música, o que explica a súa fluidez na ambientación de textos, así como o

seu compromiso coa literatura como fonte de inspiración. Diaghliev entregou a Stravinski algúns manuscritos inéditos de Pergolesi xunto con Trío-sonatas de Gallo ademais doutras partituras de compositores menores coa intención de activar un ballet baseado na ‘comedia dell’arte’ resultando ser *Pulcinella*, unha exitosa reinvención musical. Así, cando un mozo Robin Holloway estaba frustrado e bloqueado creativamente en medio da esterilidade do modernismo xa mediados os 60, *Escenas de Schumann* (1970) foi unha obra crucial para se liberar da insatisfacción que sentía non só pola preocupación contemporánea pola orixinalidade e a personalidade, senon tamén polas formas circunscritas e o estilo harmónico rigorosamente duro que prevalecía a principios dos setenta. Este refuxio no pasado ofreceulle o vehículo perfecto para a súa inspiración. A obra consta de sete paráfrases de seis cancións de Schumann que no seu tratamento idealista do amor, a noite e a natureza, representan o romanticismo alemán na súa forma máis pura. Holloway utiliza citas musicais, referencias e alusións, incluíndoas na súa persoal linguaxe e escribe “Os orixinais foron recompostos no mesmo xeito do tratamento que Stravinski empregou en *Le Baiser de la Fée*, referenciando melodías de Chaikovski [...] Tentei meterme dentro das cancións e desde aí envialas en diferentes direccións. Aínda queda un compás que podería telo escrito Schumann, a intención non é distorsionar, senon máis ben amplificar e intensificar o orixinal”. A amplificación lógrase principalmente por medio do enriquecemento harmónico. As técnicas de recomposición de Holloway inclúen o uso de texturas opacas pero separadas nunha multi-tonalidade de ricos acordes. A partitura foi encargada polo Festival de Cheltenham para a súa estrea en xullo de 1970.

Xabier Mariño (1983)

Pianista e oboísta, estuda composición en Musikene no País Vasco iniciando un camiño multidisciplinar que fai que o seu catálogo conteña diferentes formacións instrumentais, a inclusión ou non de dispositivos electroacústicos en tempo real e incluso a instalación interactiva como *Identities* creada especificamente nunha residencia artística no MARCO de Vigo. Recibiu bolsas de institucións como a Fundación Antonio Gala para Jóvenes Creadores ou do Centro Dramático Galego. Foi compositor residente da Joven Orquesta de Euskadi, do Festival Cameralia 07 e tivo encargos de institucións, festivais e ensembles como a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Quincena Musical de Donosti, Susaa Festival de Næstved, Smash Ensemble, Zoar Ensemble, TAC, etc. A súa música

foi estreada e/ou interpretada por solistas e agrupacións de prestixio internacional como J. L. Estellés, Dag Jensen, Christian Wetzel, Marie-Bernadette Charrier, Sinfónica de Galicia, Krater Ensemble, en auditorios de España, Francia, Bélxica, Holanda, Suecia e Dinamarca.

El mesmo fala así da súa composición "*Sálvora*, conta a historia que, durante os viaxes de exploración e conquistas dos viquingos ao longo dos diferentes puntos das costas europeas producíronse moitas loitas heroicas e bárbaras. Os viquingos eran un pobo forte, moi superior fisicamente aos devanceiros europeos alí onde se enfrontaban, un pobo sen medo á morte, o que lle daba outra vantaxe máis nas guerras. Conta a lenda, que durante a exploración da costa galega, ocorreu un feito que provocou por primeira vez nas súas vidas unha sensación de medo neses bravos guerreiros. Ao achegarse ás costas da illa de Sálvora, nun bretemoso mencer, as embarcacións víronse sorprendidos por uns sons que os estremecían, por unhas figuras casi fantasmagóricas que os rodeaban. Eran sereas, que os hipnotizaban e amedrentaban. Completamente abducidos por estas figuras metade humanas e metade animais, continúa a lenda falando de que unha destas sereas acabou conquistando ao líder da expedición viquinga, e froito dese suceso acabou necendo o primeiro 'Mariño'. Lenda ou non, a propia heráldica do apelido Mariño ven representada pola figura da serea, algo que Castelao empregou como escudo de Galiza. Tamén resulta, canto menos curioso, que aínda hoxe en día, e tras tantísimos anos o apelido Mariño está concentrado sobre todo nas poboacións próximas á illa de Sálvora: Vilagarcía de Arousa, Ribeira, Rianxo, Caldas de Reis, etc. Na obra, toda esta historia, forma un dos fíos argumentáis, ademáis doutras cuestións propias das características da illa, un dos moitos paraísos naturais que existen no territorio galego. Outra das ideas de *Sálvora* é a intención de formar parte dun tríptico coas súas 'irmáns maiores' dentro das chamadas 'Illas Atlánticas' xunto con Ons e Cíes. Nese senso musical, formal e instrumentalmente, queda reflectido na obra."

Mércores 17 de abril

20.30 h

À MEMORIA DUN ANXO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Marta Infante, mezzosoprano

Ye-Eun Choi, violín

A. Gaos, *Impresión nocturna*

A. Gaos [orq. J. Trillo], *Rosa de Abril/Au point du jour/ La rose/Fleur mourante/Premier Printemps!*

A. Gaos, *Temporal*

R. Vaughan Williams, *Fantasia sobre un tema de Thomas Tallis*

A. Berg, *Concerto para violín "À memoria dun anxo"*

19.45 h

Conversando con... Paul Daniel

Xoves 25 de abril

20.30 h

A CONTRATEMPO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Eun Sun Kim, directora

Fanny Mendelsohn-Hensel, *Abertura en Do maior*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 22 en Mi bemol maior "O filósofo"*

M. Martínez, *Sinfonía en Do maior*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 101 en Re maior "O reloxo" (do ciclo das Sinfonías Londres)*

19.45 h

Conversando con ... Eun Sun Kim



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura